

Actividades do día 8 de febreiro ENTROIDO 2024

O xoves día 8 de febreiro, co motivo da realización no Centro do festival do entroido (festival disfraces, comparsas,...) no que participará o alumnado, e para facilitar a súa organización, producirase unha modificación nas actividades do Centro:

O alumnado de ESO, FPB e BACH terá clase normal desde as 08:30 ata as 10:10.

O alumnado de C. Medio e C. Superior terá clase normal desde as 8:30 ata as 11:00.

A continuación terá lugar o Festival de Entroido, que rematará ás 14:10 horas.

Non se permitirá:

- Utilizar os teléfonos móbiles.
- Entrar no centro coa cara tapada.
- Introducir calquera tipo de bebida.
- Non se permitirán: bicis, monopatíns,...
- Non se permitirán petardos ou calquera tipo de sprays.
- Non se poderá acceder ao centro despois da hora de entrada (08:30 horas).
- O alumnado, para poder saír antes das 14:10, ten que ser recollido polas familias e non poderá volver a entrar (salvo casos xustificados).

Aproveitamos para recordar que o **venres día 9 de febeiro non hai clases**, ao ser un día non lectivo propio do centro concedido pola Xefatura Territorial de Educación, e que se une ás **vacacións do Entroido**, que serán os días **12, 13 e 14 de febreiro**.

Cambre, a 6 de febreiro de 2024.

A DIRECCIÓN

